



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO

**DATA: 18 DE DECEMBRO DE 2008**

**HORA: 20.30**

**CARÁCTER: ORDINARIO**

No Salón de Sesións do Concello de Foz (Lugo), sendo as 20:30 do día 18 de decembro de 2008, previa convocatoria ó efecto ás 20:30 horas, reuniuse o Concello Pleno co obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria, en cumprimento do disposto no art. 112.1.4 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de Novembro, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José María García Rivera e coa asistencia dos Concelleiros:

- D. Xaime Cancio Rodríguez
- D<sup>a</sup>. Ana A. Incera Ares.
- D<sup>a</sup>. Rosa Alonso Rodríguez
- D. Pedro M. Fernández Marful
- D. Ramón Sixto Legaspi
- D. Ángel Cao Pérez
- D. José Luís Sánchez García
- D. Pedro José Fernández Manín
- D. José María Basanta Morán, que toma posesión do cargo
- D. Xoán Carlos González Basanta
- D. Balbino Fernández López
- D<sup>a</sup>. María Xosefa Alonso Otero

Asiste tamén o Secretario do Concello de Foz, D. Diego Ballina Díaz, e o interventor municipal, D. Luís Ramón Vázquez Parga.

A Presidencia, tras comproba-la existencia do quórum esixido polo artigo 90 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e pásase ó estudo, debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

**1º-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA ANTERIOR DE 27 DE NOVIEMBRE DE 2008.-**



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

A acta é aprobada por unanimidade.

### 2º-DECRETOS DENDE A DERRADEIRA SESIÓN: DAR CONTA.-

A Corporación dáse por enterada.

### 3º- TOMA DE POSESIÓN DO SEÑOR CONCELLEIRO D. JOSÉ MARÍA BASANTA MORÁN.-

Unha vez prestada promesa o señor Concelleiro sr. Basanta Morán toma posesión do seu cargo e incorpórase ao Pleno Municipal para o debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

### 4º- APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVO Á APROBACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL CARA AO ANO 2009.-

Sométese a consideración a seguinte proposta da Alcaldía informada favorablemente pola comisión informativa:

Formado o proxecto de Orzamento Xeral para o exercicio económico de 2009 pola Alcaldía, conforme requiren os artigos 168.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 18.4 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, recolléndose neste os investimentos a realizar, así como os gastos e ingresos que se prevén gastar e liquidar durante o devandito exercicio polos diversos servizos municipais.

Correspondendo igualmente ao Pleno da Corporación Local aprobar anualmente, a través do Orzamento, o Cadro de Persoal que deberá comprender todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, conforme establecen os artigos 126 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local, 22 e 90 da Lei 7/1985, do 7 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Informado o devandito proxecto polo Interventor do Concello como esixe o artigo 168.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

En virtude do exposto, veño a propoñer ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.** - *Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Foz para o 2009, o detalle do cal a nivel de capítulo é o seguinte:*

ESTADO DE INGRESOS			ESTADO DE GASTOS		
C a p .	Denomi nación	Euros	C a p .	Denomi nación	Euros



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

1	Impostos directos	1.810.500,00	1	Gastos de persoal	2.481.735,00
2	Impostos indirectos	200.000,00	2	Gastos en bens correntes e servizos	2.416.640,00
3	Taxas e outros ingresos	1.502.600,00	3	Gastos financeiros	98.500,00
4	Transferencias correntes	2.194.500,00	4	Transferencias correntes	192.853,16
5	Ingresos patrimoniais	109.000,00			
6	Alleamento de investimentos reais	0,00	6	Investimentos reais	280.871,84
7	Transferencias de capital	0,00	7	Transferencias de capital	6.000,00
9	Pasivos financeiros	0,00	9	Pasivos financeiros	340.000,00
<b>Total Estado de Ingresos</b>		<b>5.816.600,00</b>	<b>Total Estado de Gastos</b>		<b>5.816.600,00</b>

**Segundo.** - Aprobar as Bases de Execución do devandito Orzamento, constando as mesmas de cincuenta bases, e unha disposición final.

**Terceiro.** - Aprobar o Cadro de Persoal deste Concello para 2009 que figura como Anexo no expediente do Orzamento, conforme ao seguinte:

### CADRO DE PERSOAL

#### A) POSTOS DE TRABALLO RESERVADOS A FUNCIONARIOS DE CARREIRA

DENOMINACIÓN	NUMERO	VACANTES	GRUPO
<b>1.- HABILITACIÓN DE CARÁCTER ESTATAL</b>			
1.1.- SECRETARIO	1	---	A1



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

1.2.- INTERVENTOR	1	---	A1
<b>2.- ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL</b>			
2.1.- SUBESCALA TÉCNICA			
2.1.1.- TÉCNICO	1	---	A2
2.2.- SUBESCALA ADMINISTRATIVA			
2.2.1.- ADMINISTRATIVO (RECADADOR)	1	1	C1
2.3.- SUBESCALA AUXILIARES			
2.3.1.- AUXILIARES ADMINISTRATIVOS	4	---	C2
2.4.- SUBESCALA SUBALTERNOS			
2.4.1.- BEDEIS	2	---	E
<b>3.- ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL</b>			
3.1.- SUBESCALA TÉCNICA			
3.1.1.- ARQUITECTO	1	---	A1
3.1.2.- TÉCNICO MEDIO (APARELLADOR)	1	---	A2
3.1.3.- AUXILIAR (CAPATAZ)	1	---	C1
3.2.- SUBESCALA SERVIZOS ESPECIAIS			
3.2.1.- POLICÍA LOCAL			
3.2.1.1.- CABO	1	---	C2
3.2.1.2.- GARDAS	8	1	C2
3.2.2.- PERSOAL DE OFICIOS			
3.2.2.1.- OPERARIO (CONDUTOR)	1	1	E
<b>TOTAL</b>	<b>23</b>	<b>3</b>	<b>---</b>

### B) POSTOS DE TRABALLO SUXEITOS Á LEXISLACIÓN LABORAL

DENOMINACIÓN	NUMERO	VACANTES
ASISTENTE SOCIAL	1	---
TÉCNICO DE CULTURA	1	---
ENCARGADO BIBLIOTECA	1	---
EDUCADOR FAMILIAR	1	---
EDUCADOR SOCIAL	1	---
TÉCNICO TURISMO	1	1
DIRECTOR ESCOLA DE	1	---



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

MUSICA		
TÉCNICO DE RADIO	1	---
LOCUTOR DE RADIO	2	---
AUXILIAR ADMINISTRATIVO REXISTRO	1	---
AUXILIAR ADMINISTRATIVO RECADACIÓN	1	1
BEDEL CASA DE CULTURA	1	---
EMPREGADAS FOGAR (AXUDA DOMICILIO)	2	---
OFICIAL 1ª URBANISMO	12	---
OFICIAL 1ª RECOLLIDA LIXO	2	---
OFICIAL 1ª EDUCACIÓN	1	---
OFICIAL 2ª RECOLLIDA LIXO	5	---
OFICIAL 2ª DEPORTES (PAVILLÓN)	1	---
PERSOAL SERVIZOS MÚLTIPLES	3	---
PEÓNS RECOLLIDA DE LIXO	9	6
PEÓNS XARDINERÍA	2	---
LIMPADORAS	6	2
<b>TOTAL</b>	<b>56</b>	<b>10</b>

**Cuarto.** - Expoñer ao público o Orzamento Xeral aprobado e o Cadro de Persoal do Concello, por termo de quince días, aos efectos do sinalado no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, considerándose definitivamente aprobado se no devandito termo non se presentan reclamacións.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR. CAO PÉREZ: Queremos deixar clara a nosa postura negativa en relación co presuposto que presenta o equipo de goberno posto que estes presupostos non responden a unha situación de crise. Hai partidas como a de gastos diversos que creceron sen orde e que non sabe onde se van gastar, xa o ano pasado fixérono e agora incrementano. Ademais estamos ante un presuposto que carece de investimentos, faltan investimentos nas parroquias, falta previsión en aforro enerxético, non se reducen gastos correntes... en definitiva non é un presuposto para época de crise e igualmente non é un presuposto realista en materia de ingresos. Son un mero curta e pega que, por exemplo, se pon de manifesto a preverse subvencións para entidades xa desaparecidas.

O presuposto é un documento sumamente importante para a vida municipal e non se contou connosco para a súa formación, polo que non podemos apoialo.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. GONZALEZ BASANTA: Estes presupostos que se presentan son un xesto cara á galería que non se basean na realidade actual, no día a día dos cidadáns. Só serven para poder dicir que se aproban no ano pero o que poñen de manifesto é a falta de diálogo e a capacidade de negociación do equipo de goberno.

Son uns presupostos irrealistas: a recadación prevista do IBI ou do imposto de vehículos ou do ICIO non se axustan á realidade, son meras previsións para cadrar ingresos e gastos. Así mesmo tampouco se corrixen erros de anos anteriores como por exemplo en gastos protocolarios, automoción, vías públicas... que son sacos sen



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

fondo.

Tamén existen deficiencias que raian a ilegalidade como por exemplo en relación coa repartición da produtividade que, segundo afirma a intervención, non se reparte conforme a criterios obxectivos decididos polo Pleno.

Coa taxa de depuración volvemos ao mesmo, a taxa non está aprobada e igualmente vostedes presupóstana cando a día de hoxe non temos un estudo que nos diga cual é o custo real do servizo

En canto aos investimentos ademais de ser escasas ponse de manifesto que non se están a executar as previstas en anos anteriores o cal pon de manifesto unha mala xestión.

Por todo isto non lle podemos dar o visto bo. Necesitan uns presupostos mais investidores que reduzan gastos non imprescindibles como por exemplo en telefonía. Así mesmo deben implementarse políticas impositivas sobre o capital.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, SR. CANCIO RODRÍGUEZ: O grupo de goberno entende que estes son os mellores presupostos posibles e a que fai é presentalos en tempo e forma. Os presupostos son previsións e os que aquí se presentan non están inflados. Non pretendemos que sexa un documento infalible e para iso están as modificacións de crédito.

En relación co que dicía o señor Cao relativo á partida de gastos diversos é unha partida na que van gastos que non teñen cabida noutras partidas, se ten dúbidas vexa a liquidación deste ano e verá que non hai nada raro.

Polo que se refire a inversión, ao meu xuízo, non debe identificarse exclusivamente con obras posto que no presuposto se recollen partidas para cultura ou para emprego que van significar inversión.

Polo que se refire á taxa de depuración incluímosla no presuposto porque pensamos que se vai aprobar. O custo do servizo é o que se aprobou coa empresa e hai que pagalo. Xustificamos canto custa e o protocolo de actuación da empresa.

Por último gustaríame coñecer de que partidas sacarían e en cuales achegarían os grupos da oposición municipal.

O SEÑOR ALCALDE: Estou sorprendido e contento porque se está a ver o que buscan os grupos da oposición. O BNG e o PP únense para tirarlle os presupostos ao PSOE. Chámame a atención que digan que non hai tempo para velos... o que non hai é alternativo, non hai proposta. Estes presuposto serven para pagar soldos, para pagar a RPT... serán malos pero non hai alternativa, non vale o de que non hai tempo.

Só temos un endebedamento do trinta por cento, os investimentos son as que son, poderíamos facer máis se nos endebedamos.

O que comentaba do complemento de produtividade foi este Alcalde o que o repartiu tanto para laborais como para funcionarios

¿Coas depuradoras que facemos? ¿paramos?. É iso o que quere un partido ecoloxista como o BNG.

Visto que non hai acordo para aprobalo, o cal entendo porque estamos preto dunhas eleccións, propono vótese que quede enriba da mesa para que se presenten alternativas.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR. CAO PÉREZ: O ano pasado presentáronse propostas dende o noso grupo propostas serias, negociáronse e logo tomáronnos o pelo aproveitándose dunha situación favorable. En canto a iniciativas durante todo o ano tráense mocións a Pleno, polo menos deberían incluírse algunha dentro do presuposto.

Nós estamos dispostos a negociar, ao que non estamos dispostos é a aprobar algo no que non participamos

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. GONZALEZ BASANTA: Teñen que ter claro que o diñeiro que hai en presuposto é diñeiro público que debe ser ben xestionado. Agora non hai maioría absoluta, o equipo de goberno debe pactar, isto o que demostra é que vostede sen maioría absoluta non sabe gobernar.

En relación coa produtividade ¿que criterio segue para repartila?. ¿Que pasa coa



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

vinculación xurídica nas bases de execución? Hai partidas nas cales é insuficiente e vostede o move como quere?

Estes presupostos non solucionan os problemas de Foz: non inverten en emprego, non hai gasto social...

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, SR. CANCIO RODRÍGUEZ: Se os presupostos resolvesen todos os problemas de Foz seríamos os Reis Magos. Para nós estes presupostos conteñen investimentos importantes chamados a corrixir problemas existentes no pobo de Foz.

O SEÑOR ALCALDE: Imos seguir cos presupostos prorrogados sen ningún tipo de problema, se non se conseguen aproban iremos traendo a Pleno as modificacións que fagan falta.

Por último a produtividade repártese en función do traballo, o que non traballa non recibe produtividade.

**Sometido a votación a proposta da Alcaldía de deixar o asunto sobre a mesa o Pleno Municipal amosa a súa conformidade a dita proposta por unanimidade.**

### **5º- APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVA Á APROBACIÓN INICIAL DA RPT DO CONCELLO DE FOZ.-**

Sométese a consideración a seguinte proposta da Alcaldía enmendada de verbo ante a comisión informativa e informada favorablemente pola mesma:

Vista a proposta de Relación de Postos de Traballo do Concello de Foz elaborada pola Universidade de Santiago de Compostela.

Considerando que o proxecto de Relación de Postos de Traballo foi informado favorablemente polos representantes dos funcionarios e do persoal laboral con data 23 de outubro de 2008.

Visto o informe conxunto da secretaría e da intervención municipal de data 28 de novembro de 2008.

Realizada, por tanto, a tramitación legalmente establecida propónse ao Pleno a adopción do seguinte

### **ACORDO**

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente a Relación de Postos de Traballo do Concello de Foz, co texto que figura no expediente.

As consecuencias económicas da mesma aplicaranse de xeito progresivo no



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

tempo, alcanzando plenos efectos en catro anos. A suba que leva aparelhada levaríase a cabo de acordo coas seguintes porcentaxes: 1º ano: 10%, 2º ano: 20%, 3º ano: 30% e 4º ano: 40%, todo elo segundo o acordado cos representantes do persoal laboral e funcionario en reunións celebradas o 23 de outubro de 2008. Asemade o complemento persoal transitorio previsto e informado polo secretario e o interventor municipal será actualizable anualmente en orde a no proceder a perda de emolumentos polo persoal afectado que actualizará anualmente dito complemento ata a súa xubilación

**SEGUNDO.** Expoñer ao público a mencionada relación, durante o prazo de quince días hábiles a contar dende o seguinte o de publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, durante o cal os interesados poderán examinala e presentar reclamacións ante o Pleno. A relación considerarase definitivamente aprobada se durante o citado prazo non presentaran reclamacións; no caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas. Asemade procederase a notificación individual aos traballadores laborais que vexan minorados o seus haberes xunto co seus representantes sindicais nos termos do artigo 41 do Estatuto dos Traballadores.

**TERCEIRO.** Unha vez aprobada definitivamente, a Relación de Postos de Traballo publicarase integramente no Boletín Oficial da Provincia e remitirase unha copia desta á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR. CAO PÉREZ: O noso grupo alégrase de que catorce anos despois veña a Pleno este documento que pode paliar certas desorganizacións existentes. É susceptible de modificacións, das alegacións algunhas solucionáronse, outras manteranse e deben tomarse en consideración posto que son de xustiza e son peticións razoables. Imos votar a favor, estamos ante un documento que ha de servir de base para empezar a traballar e para que os traballadores coñezan os seus dereitos e obrigas.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. GONZALEZ BASANTA: Felicítarnos porque se fixera este documento que vai supoñer melloras laborais e da estrutura organizativa. Non obstante temos dúbidas en relación coa previsión de prazas laborais en postos reservados a funcionarios e en tanto non se aclaren imos abstermos posto que non é a nosa intención paralizar a RPT que queremos que se abra a debate.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, SR. CANCIO RODRÍGUEZ: Felicitar a aprobación aos traballadores por esta aprobación.

O SEÑOR ALCALDE: É moi difícil contentar a todo o mundo. A nosa vontade é aprobar este documento.





## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Sometido a votación o ditame **obtéñ dez votos a favor** (D. José María García Rivera, D. Xaime Cancio Rodríguez Dona Rosa Alonso Rodríguez, Ana Aránzazu Incera Ares, D. Pedro M. Fernández Marful D. Ángel Cao Pérez, D. José María Basanta Morán, D. José Luís Sánchez García e D. Pedro José Fernández Manín) e tres abstencións (D. Xan Carlos González Basanta, D. Balbino Fernández López e Dona María Xosefa Alonso Otero.) quedando o ditame aprobado.

### **6º- APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVO Á TOMA DE COÑECEMENTO DE TERRENOS NO CAMIÑA VELLO E A SÚA INCORPORACIÓN AO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS.-**

Sométese a consideración a seguinte proposta da Alcaldía informada favorablemente pola comisión informativa:

Visto o documento administrativo asinado con D. Manuel Martínez Díaz, D. José Manuel Martínez Díaz e por Dona Purificación Díaz Lorenzo relativo a cesión de terrenos no Camiño Vello de Vilaxoane a efectos de realización de futuras obras de urbanización proponse ao Pleno a adopción do seguinte

#### **ACORDO**

**PRIMEIRO.** Tomar coñecemento do acordo de cesión asinado

**SEGUNDO.** Incorporar os terreos ao inventario municipal de bens coa condición de bens de dominio público.

Sometido a votación o ditame **é aprobado por unanimidade.**

### **7º- APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVO Á ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR.-**

Sométese a consideración a seguinte proposta da Alcaldía informada favorablemente pola comisión informativa:



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

1º-Aprobar con carácter provisional a Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar, quedando redactados os artigos modificados da devandita Ordenanza co seguinte detalle:

### ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

#### Artigo 1º. Fundamento e natureza

De conformidade co previsto no artigo 41 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

#### Artigo 2º. Concepto

O prezo público regulado nesta Ordenanza constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que se satisfará polos usuarios que voluntariamente soliciten a prestación do servizo municipal de axuda no fogar.

#### Artigo 3º. Obrigados ao pagamento

Estarán obrigados ao pagamento os usuarios do servizo municipal de axuda no fogar na contía que resulte de aplicación segundo o presente prezo público, tendo en conta que o pagamento é unha contribución ao custo do servizo recibido e aos ingresos do usuario; a concesión do servizo prodúcese en aplicación do baremo de acceso, que ten en conta os criterios técnicos ademais dos económicos.

#### Artigo 4º. Contía

A contía do servizo estará determinada por:

- a) Con carácter xeral polo prezo por hora do servizo prestado que ascende a 8,00 euros/hora.
- b) Ingresos “per capita” mensuais de cada membro da unidade familiar, entendendo como tal o conxunto de persoas que conviven co/coa usuario/a do servizo, incluído este/a. Se a unidade familiar está integrada por unha soa persoa, o ingreso “per capita” mensual calcularase dividindo os ingresos totais entre 1,5.

En función destas circunstancias, o prezo do punto a) anterior aplicarase de acordo cos seguintes cadros:

- Unidade familiar de un so membro:

INGRESOS TOTAIS	ACHEGA USUARIO
Inferiores ao 55% do SMI	Exento
Dende o 56% ata o 100% SMI	25% do custo
Dende o 101% ata o 125% do SMI	50% do custo
Dende o 126% ata o 150% do SMI	75% do custo
Superior ao 150% do SMI	100% do custo

- Unidade familiar de dous membros

RENDA PER CÁPITA	ACHEGA USUARIO
Inferiores ao 50% do SMI	Exento



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Dende o 51% ata o 75% do SMI	25% do custo
Dende o 76% ata o 100% do SMI	50% do custo
Dende o 101% ata o 125% do SMI	75% do custo
Superior ao 125% do SMI	100% do custo

- Unidade familiar de máis de dous membros

RENDA PER CÁPITA	ACHEGA USUARIO
Inferiores ao 50% do SMI	Exento
Dende o 51% ata o 65% SMI	25% do custo
Dende o 66% ata o 90% do SMI	50% do custo
Dende o 91% ata o 115% do SMI	75% do custo
Superior ao 115% do SMI	100% do custo

### Artigo 5º. Normas de xestión

1. A obriga de pagamento do prezo público regulado nesta Ordenanza nace desde que se inicia a prestación do servizo.
2. As liquidacións practícaranse mensualmente nos primeiros quince días de cada mes.
3. O pagamento efectuarase mediante cargo na conta corrente que o solicitante do Servizo de Axuda no Fogar deberá indicar no modelo oficial de solicitude.

### DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º-Someter dita ordenanza Municipal a información pública, audiencia dos interesados e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxerencias, que serán resoltas pola Corporación. De no presentarse reclamacións o suxerencias no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de Acordo expreso polo Pleno, e procederase a súa publicación íntegra no BOP a partir de coia data entrará en vigor.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. GONZALEZ BASANTA: Imos ser coherentes, hai un mes votamos que se conxelasen as taxas e agora un mes despois non imos cambiar de opinión.

Sometido a votación o ditame **obtéñ dez votos a favor (D. José María García Rivera, D. Xaime Cancio Rodríguez Dona Rosa Alonso Rodríguez, Ana Aránzazu Incera Ares, D. Pedro M. Fernández Marful D. Ángel Cao Pérez, D. José María Basanta Morán, D. José Luís Sánchez García e D. Pedro José Fernández Manín) e tres votos en contra (D. Xan Carlos González Basanta, D. Balbino Fernández López e Dona María Xosefa Alonso Otero.)** quedando o ditame aprobado.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

### 8º- APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVO Á ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZO DE PISCINA MUNICIPAL E INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.-

Sométese a consideración a seguinte proposta da Alcaldía informada favorablemente pola comisión informativa:

1º-Aprobar con carácter provisional a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por prestación de servizo de piscina municipal e instalacións deportivas, quedando redactados os artigos modificados da devandita Ordenanza co seguinte detalle:

### ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZO DE PISCINA MUNICIPAL E INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.

#### Artigo 6º.- Tarifas.-

Á contía das Taxas regulada nesta Ordenanza Fiscal será a fixada na tarifa seguinte:

#### CADRO DE TARIFAS

<b>PISCINA MUNICIPAL DE FOZ</b>		<b>TARIFAS</b>	
<b>ABONOS PISCINA MUNICIPAL</b>		<b>SOCIOS</b>	
FAMILIAR TITULAR		23,00 €	
FAMILIAR CÓNXUXE		3,85 €	
FILLO (-18 AÑOS)		3,85 €	
ABONO XOVE		18,60 €	
ABONO INDIVIDUAL		23,50 €	
ABONO 3º IDADE E DIMINUÍDOS		17,10 €	
ABONO MATINAL		18,05 €	
MINUSVÁLIDOS		50% de desconto	
<b>ENTRADAS</b>			
ENTRADA LIBRE (+18,-60)		3,95 €	
ENTRADA REDUCIDA (-18,+60)		2,60 €	
<b>MATRICULAS</b>			
MATRICULA ABONADO		24,05 €	
MANTEMENTO MATRICULA		10,90 €	
MATRICULA CURSO ABONADO		10,90 €	



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

MATRICULA CURSO EVENTUAL			21,85 €
<b>CURSOS PISCINA</b>			
	<b>DÍAS</b>	<b>SOCIOS</b>	<b>EVENTU AIS</b>
NATACIÓN BEBES	1	9,85 €	19,70 €
NAT. NENOS (3-16 AÑOS)	1	4,90 €	9,80 €
NAT. NENOS (3-16 AÑOS)	2	9,85 €	19,70 €
NAT. NENOS (3-16 AÑOS)	3	14,70 €	29,40 €
ESCOLA DE COMPETICIÓN	3	14,20 €	28,40 €
NAT. ADULTOS (16-60 AÑOS)	2	9,85 €	19,70 €
NAT. ADULTOS (16-60 AÑOS)	3	14,70 €	29,40 €
NAT. TERCEIRA IDADE	2	5,35 €	14,95 €
NAT. TERCEIRA IDADE	3	10,95 €	21,85 €
NAT. RECUPERAC. FUNCIONAL	2	9,85 €	19,70 €
NAT. RECUPERAC. FUNCIONAL	3	14,70 €	29,40 €
AQUAGYM	2	10,95 €	21,85 €
MATRONATACIÓN	2	GRATIS	GRATIS
DIMINUÍDOS	2	8,50 €	24,00 €
VERÁN ADULTOS (QUENDA)	10	13,70 €	27,30 €
VERÁN INFANTIL (QUENDA)	10	10,95 €	21,85 €
ALUGUER DE RÚA/HORA		16,40 €	21,85 €
<b>CURSOS SALA USOS MÚLTIPLES</b>			
	<b>DÍAS</b>	<b>SOCIOS</b>	<b>EVENTU AIS</b>
EDUCACIÓN FÍSICA DE BASE	2	9,30 €	18,60 €
HABILIDADES XIMNÁSTICAS	2	9,30 €	18,60 €
DANZA	2	9,30 €	18,60 €
FITNESS	2	9,30 €	18,60 €
ARTES MARCIAIS	2	9,30 €	18,60 €
<b>ACTIVIDADES GRATUITAS PARA SOCIOS</b>			
STRECHING	2	GRATIS	18,60 €



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

STRECHING	3	GRAT IS	21,85 €
XIMNASIA 3ª IDADE	3	GRAT IS	17,50 €
XIMNASIA MANTEMENTO	2	GRAT IS	18,60 €
XIMNASIA MANTEMENTO	3	GRAT IS	21,85 €
AEROBIC	2	GRAT IS	18,60 €
AEROBIC	3	GRAT IS	21,85 €
TONIFICACIÓN	2	GRAT IS	21,85 €
STEP	2	GRAT IS	18,60 €
BODYCOMBAT	3	GRAT IS	18,60 €

As tarifas actualizaranse anualmente conforme ao IPC

2º-Someter dita ordenanza Municipal a información pública, audiencia dos interesados e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxerencias, que serán resoltas pola Corporación. De no presentarse reclamacións o suxerencias no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de Acordo expreso polo Pleno, e procederase a súa publicación íntegra no BOP a partir de coia data entrará en vigor.

Sometido a votación o ditame **obtéñ dez votos a favor (D. José María García Rivera, D. Xaime Cancio Rodríguez Dona Rosa Alonso Rodríguez, Ana Aránzazu Incera Ares, D. Pedro M. Fernández Marful D. Ángel Cao Pérez, D. José María Basanta Morán, D. José Luís Sánchez García e D. Pedro José Fernández Manín) e tres votos en contra (D. Xan Carlos González Basanta, D. Balbino Fernández López e Dona María Xosefa Alonso Otero.)** quedando o ditame aprobado.

### 9º- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR RELATIVA A REPARTO DO FONDO DE INVERSIÓN LOCAL.-

**Sométese a consideración a seguinte moción do grupo municipal popular:**

- Que todos os proxectos que se presenten para estas obras sexan propostas co maior consenso posible dos tres grupos que forman a corporación municipal
- Que dada a cantidade da subvención é elevada se fagan obras en todas as parroquias de Foz
- Que tendo en conta que estas se executaran durante o vindeiro ano 2009 se faga un calendario de actuacións seguindo as necesidades das mesmas



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

- Xa que estas subvencións son para fomentar o emprego e evitar que as empregas despidan empregados se creará unha comisión de seguimento formada polos tres grupos municipais para controlar que as empresas adxudicatarias tiñan o maior número posible de empregados do Concello e intentar que si tiñen que aumentar o número sexan do ámbito municipal

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR. CAO PÉREZ: As peticións que se recollen na moción son xustas: que se beneficien os focogos, que se inverta sobre a base do acordo entre os grupos municipais...

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. GONZALEZ BASANTA: Os grupos da oposición non van participar nunhas obras que van ser fundamentais. En relación coa moción parécenos difícil, en relación coa moción, é controlar as empresas para que os traballadores sexan de Foz.

O SEÑOR ALCALDE: Satisfainos que se feliciten da inversión que realizou o goberno socialista no ámbito local. En relación coa moción ímonos abster, temos que cumprir estritamente co previsto no Plan. En cada un dos proxectos, que van ser de interese xeral, imos recoller cantos postos de traballo son necesarios.

Sometido a votación a moción **obtéñ sete votos a favor (D. Ángel Cao Pérez, D. José María Basanta Morán, D. José Luís Sánchez García, D. Pedro José Fernández Manín, D. Xan Carlos González Basanta, D. Balbino Fernández López e Dona María Xosefa Alonso Otero.) e seis votos en contra (D. José María García Rivera, D. Xaime Cancio Rodríguez Dona Rosa Alonso Rodríguez, Ana Aránzazu Incera Ares e D. Pedro M. Fernández Marful) quedando a moción aprobada.**

### **10º- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR RELATIVA A DESENROLO DUN PROGRAMA DE LOITA CONTRA A DROGODEPENDENCIA.-**

**Sométese a consideración a seguinte moción do grupo municipal popular:**

- Que dende os servizos sociais do Concello de Foz se realice un estudo sobre a saúde e drogodependencia no Municipio que permita coñecer de forma actualizada os datos sobre patróns, características sociais e demográficas do consumo, percepción e extensión do risco, ámbitos de intervención, etc.
- Que o Concello tendo en conta os resultados do estudo anterior, poña en marcha un Plan Municipal de Drogodependencias con accións: informativas, formativas e participativas, e poña os recursos necesarios do mesmo Concello ou que xestione algunha subvención de outros entes para levalo a cabo. Esta Plan contará coa participación dos diferentes axentes sociais e políticos do Concello



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

- As actuacións a desenvolver dende este programa estarán encamiñadas en tres ámbitos: escolar, familiar e comunitario. O primeiro consiste en sensibilizar, formar e asesorar o colectivo docente e as AMPAS para a implicación como axentes de prevención con actuacións como cursos de formación para o profesorado e as AMPAS, información, implantación e desenvolvemento dos programas Escolares de Prevención nos Centros Educativos. En canto ao ámbito familiar, ofrecer información e apoio á familia na tarefa preventiva, con actuacións como información, apoio e asesoramento, formación por medio de escolas de familia e traballo directo coas mesmas e sobre todo con aquelas que están en risco psicosocial. Por último no ámbito comunitario intentar sensibilizar a poboación de cara á súa implantación como axentes preventivos, con iniciativas como a creación de mesas sectoriais, programas informativos e formativos nos medios locais de comunicación, apoio e asesoramento ou asociaciónismo, xornadas de sensibilización. Tamén se farán actuacións directas coa infancia e a xuventude coa finalidade de ofrecer e implantar estratexias preventivas promovendo a celebración de talleres sobre valores e habilidades sociais formativos e deportivos para a ocupación do ocio e tempo libre e tamén actuacións centradas de forma exclusiva na moción xuvenil e en prevenir e reducir os seus riscos e danos.
- Crearase unha comisión de seguimento do Plan Municipal de Drogodependencia coa participación cidadá e social que informará periódicamente sobre o desenvolvemento e a implantación do Plan Municipal de Drogodependencia.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR. CAO PÉREZ: É un tema grave sobre o que deberíamos preocuparnos e que non tiña un solo euro no presuposto que antes debatemos. Así mesmo debemos ter en conta que nun momento como este de crise económica pode existir un risco maior.

A CONCELLEIRA DELEGADA DE SERVIZOS SOCIAIS, SRA. ALONSO RODRÍGUEZ: A día de hoxe temos un convenio asinado co Concello de Burela no que ademais participan diversas entidades. Estanse a desenvolver diversas iniciativas con colexios, cos profesores... co seguimento da educadora familiar e do traballador social.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. GONZALEZ BASANTA: Todo o que se faga nesta materia é pouco. Todas as iniciativas na materia son positivas.

Sometido a votación a moción **obtéñense sete votos a favor (D. Ángel Cao Pérez, D. José María Basanta Morán, D. José Luís Sánchez García, D. Pedro José Fernández Manín, D. Xan Carlos González Basanta, D. Balbino Fernández López e Dona María Xosefa Alonso Otero.) e seis abstencións (D. José María García Rivera, D. Xaime Cancio Rodríguez, Dona Rosa Alonso Rodríguez, Ana Aránzazu Incera Ares e D. Pedro M. Fernández Marful) quedando a moción aprobada.**





## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

### **11º- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR RELATIVA A ACTUACIÓNS EN RÚA VALLE INCLÁN.-**

**Sométese a consideración a seguinte moción do grupo municipal popular:**

- Conseguir previamente o novo asfaltado soterrar o maior número de subministros (telefonía, gas, electricidade...) aumentando os xa existentes.
- Solicitar a Portos de Galicia o acondicionamento integral de toda a rúa tanto o que se ve (asfalto beirarrúas) como o que non se ve (tubos)

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR. CAO PÉREZ: Esta moción introdúcese a xeito de previsión xa que se están a facer actuacións de canalización en está vía na que existe a carencia doutros servizos, o que se pretende evitar é que cada vez que se queira facer algo se volva levantar a rúa e que ao final quede peor.

O SEÑOR ALCALDE: O Concello vai inverter catrocentos mil euros para arranxar o saneamento na zona. En relación cos demais servizos cada veciño debe asumir o seu custo.

Sometido a votación a moción **obtéñ sete votos a favor (D. Ángel Cao Pérez, D. José María Basanta Morán, D. José Luís Sánchez García, D. Pedro José Fernández Manín, D. Xan Carlos González Basanta, D. Balbino Fernández López e Dona María Xosefa Alonso Otero.) e seis abstencións (D. José María García Rivera, D. Xaime Cancio Rodríguez Dona Rosa Alonso Rodríguez, Ana Aránzazu Incera Ares e D. Pedro M. Fernández Marful) quedando a moción aprobada.**

### **12º-MOCION DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR RELATIVA Á PROPOSTA DE CREACIÓN DE DÚAS ORDENANZAS FISCAIS NO CONCELLO DE FOZ (CAIXEIROS AUTOMÁTICOS E TELEFONÍA MÓVIL).-**

**Sométese a consideración a seguinte moción do grupo municipal popular:**

- Que o Pleno Municipal cree as ordenanzas fiscais que regulen as taxas por instalacións de caixeiros automáticos que den servizo con acceso dende a rúa o espazos públicos e a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local polas empresas suministradoras de servizos fr telefonía móbil baseadas nos artigos que se adxunta a presente moción.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR. CAO PÉREZ: Son iniciativas que non gravan o peto de veciño e poden xerar recursos para as arcas públicas.



Sometido a votación a moción **aprobada por unanimidade.**

**13º-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVO AO PLAN  
SECTORIAL DE SOLO RESIDENCIAL.-**

**Sométese a consideración a seguinte moción do grupo municipal do BNG:**

- Que o Concello de Foz presente unha alegación ao Plan Sectorial de Solo Residencial elaborado pola Consellaría de Vivenda e Solo e que está en fase de exposición pública, co fin de que se proceda á retirada do ámbito de actuación Conde de Fontao de dito Plan

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. GONZALEZ BASANTA: A moción ten por finalidade a retirada da bolsa de chan prevista en Conde de Fontao, o motivo para a retirada é o mesmo que defendemos en relación co PXOM: que afecta a vivendas. Así mesmo é de difícil desenvolvemento e ademais atópase en chan urbano, aínda que non consolidado.

O SEÑOR ALCALDE: Non falou nada de Ás Torres. Nós preparamos un escrito cos veciños que rexeitan a bolsa de Os Limoneiros pero, agora, os veciños de Ás Torres tamén se mostran contrarios porque existe vivenda libre que vai a pasase protexida porque non se está a vender. Nós non podemos apoiar unha moción que esquecen uns veciños. Imos esperar a ver que din todos os veciños e despois posicionarnos remitindo as alegacións que a presentar á Consellería de Vivienda apoiando os veciños nas súas reivindicacións.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. GONZALEZ BASANTA: Cando se presentou o Plan os voceiros non vían mal a zona de Ás Torres pola importancia que ten o desenvolvemento de vivenda protexida. Non podemos defender que se dea a entender que se está en contra da vivenda protexida que é unha vivenda digna e de calidade con zonas verdes, dotacionais...

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR. CAO PÉREZ: Nós estamos de acordo en que se faga vivenda protexida pero con este Plan estase a pecar do que se pecou co PXOM: a falta de información.

Escoitemos os veciños, vemos as súas propostas e se é posible apoiémolas.

Sometido a votación a moción **obtn tres votos a favor (D. Xan Carlos González Basanta, D. Balbino Fernández López e Dona María Xosefa Alonso Otero.) seis votos en contra (D. José María García Rivera, D. Xaime Cancio Rodríguez Dona Rosa Alonso Rodríguez, Ana Aránzazu Incera Ares e D. Pedro M. Fernández Marful) e catro abstencións (D. Ángel Cao Pérez, D. José María Basanta Morán, D. José Luís Sánchez García, D. Pedro José Fernández Manín quedando a moción rexeitada.**



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Fora da orde do día sométese a consideración a seguintes propostas da Alcaldía:

**PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN DO CONVENIO QUE TEN POR OBXECTO REGULAR A XESTIÓN DA GALESCOLA DO CONCELLO DE FOZ QUE SE INTEGRA NA REDE GALEGA DE ESCOLAS INFANTÍS (GALESCOLAS).-**

**A urxencia da moción é aprobada por unanimidade:**

O SEÑOR ALCALDE: Aquí vainos tocar poñer ó Concello posto que imos ter que asumir o mantemento da galesgola: subministracións, internet, seguridade, limpeza...

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR. CAO PÉREZ: É a Xunta a que debe asumir estes gasto, non debe cargalo ao Concello.

**Visto o Convenio que se adxunta a presente acta o Concello de Foz acorda a súa aprobación por nove votos a favor (D. José María García Rivera, D. Xaime Cancio Rodríguez Dona Rosa Alonso Rodríguez, Ana Aránzazu Incera Ares, D. Pedro M. Fernández Marful, D. Xan Carlos González Basanta, D. Balbino Fernández López e Dona María Xosefa Alonso Otero) e catro abstencións (D. Ángel Cao Pérez, D. José María Basanta Morán, D. José Luís Sánchez García, D. Pedro José Fernández Manín.**

**PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Ó INICIO DO EXPEDIENTE PARA A DECLARACIÓN DE FILLO PREDILECTO AO SR XUÍZ D. XOSÉ XOÁN BARREIRO PRAZO VISTA SOLICITUDE FORMULADA POLA IRMANDADE XURÍDICA GALEGA .-**

**A urxencia da moción é aprobada por unanimidade:**

O SEÑOR ALCALDE: Realizouse a proposta dende unha asociación sendo valorada polo cronista oficial.

**A proposta é aprobada por unanimidade.**

**ROGOS E PREGUNTAS.-**

- ROGOS

Grupo Municipal Popular

1. Limpar a derruba na estrada da Deputación en Oirín.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

### Grupo Municipal do BNG

- i. Abrir a casa da xuventude os domingos.
- ii. Arranxar a saída do aparcamento do cinema
- iii. En Cruz de Castro limpar de excrementos a área recreativa
- iv. Reparar tapa de iluminación baixando a Avda. de Xove en dirección LLas
- v. Solucionar a gabia de instalación no ámbito de Bispo Santo que pode resultar perigoso
- vi. Solucionar o problema das valla soltas onde o Xoima.

### • PREGUNTAS

### Grupo Municipal Popular

1. ¿En que situación atópanse os trámites para adquirir a fábrica de salazón de Nois?  
O SEÑOR ALCALDE: Pediuse a Costas a ver se se pode integrar no proxecto Arealonga- Porto Nois
2. ¿Vaise ampliar a zona de prácticas de coches detrás do pavillón de Marzán?  
O SEÑOR ALCALDE: Imos adecuar esa zona, as autoescolas están a mirar para ampliar a pista de prácticas

### Grupo Municipal do BNG

1. ¿Que acontece coa iluminación pública? O luns houbo varias zonas acendidas ata a unha, o martes igual...  
O SEÑOR ALCALDE: Estanse a facer reparacións, non obstante queremos instalar un sistema para que non sexa necesario acendelo todo.
2. ¿Estanse a realizar obras municipais no ámbito do Bispo Santo?  
O SEÑOR ALCALDE: Son obras en terreo público para evitar que se embalse auga.

Non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantase a sesión sendo as 23:05 horas do expresado día, extendéndose de todo elo a presente acta do que eu o Secretario dou fe.

O Alcalde-Presidente,

O Secretario

Asdo. José María García Rivera.

Asdo. Diego Ballina Díaz